

FOLLA DE RESPOSTAS

| | Resposta | | Resposta | | Resposta |
|----|----------|----|----------|----|----------|
| 1 | | 28 | | 55 | |
| 2 | | 29 | | 56 | |
| 3 | | 30 | | 57 | |
| 4 | | 31 | | 58 | |
| 5 | | 32 | | 59 | |
| 6 | | 33 | | 60 | |
| 7 | | 34 | | 61 | |
| 8 | | 35 | | 62 | |
| 9 | | 36 | | 63 | |
| 10 | | 37 | | 64 | |
| 11 | | 38 | | 65 | |
| 12 | | 39 | | 66 | |
| 13 | | 40 | | 67 | |
| 14 | | 41 | | 68 | |
| 15 | | 42 | | 69 | |
| 16 | | 43 | | 70 | |
| 17 | | 44 | | 71 | |
| 18 | | 45 | | 72 | |
| 19 | | 46 | | 73 | |
| 20 | | 47 | | 74 | |
| 21 | | 48 | | 75 | |
| 22 | | 49 | | 76 | |
| 23 | | 50 | | 77 | |
| 24 | | 51 | | 78 | |
| 25 | | 52 | | 79 | |
| 26 | | 53 | | 80 | |
| 27 | | 54 | | | |

Firma opositor: _____

Primeiro exercicio. Responda na folla de respostas ás seguintes cuestión tendo en conta que:

- Cada dúas respostas incorrectas penalizan cun punto.
- As cuestións non respondidas non puntúan nin penalizan.
- Duración máxima: hora e media

1. A aprobación, modificación ou derogación das leis orgánicas esixirá:
 - a) A maioría de dous tercios do Congreso.
 - b) A maioría absoluta do Congreso.
 - c) A maioría absoluta do Congreso e Senado.
 - d) A maioría de dous tercios do Congreso e Senado
2. Segundo o art.116 da CE, o estado de alarma:
 - a) Será declarado polo Goberno mediante lei orgánica acordado en Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días, dando conta ao Congreso dos Diputados.
 - b) Será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días, dando conta ao Congreso dos Diputados.
 - c) Será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días, previa autorización del Congreso de los Diputados
 - d) Será declarado pola mayoría absoluta do Congreso dos Diputados, a proposta exclusiva do Goberno.
3. Segundo o art.56.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a aprobación da reforma do Estatuto polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica:
 - a) Implica a finalización da tramitación da reforma, quedando automaticamente reformado o Estatuto.
 - b) Incluirá a autorización do Estado para que a Comunidade Autónoma galega convoque o preceptivo referéndum.
 - c) Incluirá a publicación do Estatuto no BOE e o ODG, entrando en vigor a reforma do Estatuto.
 - d) Ninguna das respostas é correcta.
4. ¿En cal das seguintes materias non ten competencia exclusiva a Comunidade de Galicia?
 - a) Denominacións de orixe en colaboración co Estado.
 - b) Sanidade e Hixiene
 - c) Ordenación do terriotirio e do litoral, urbanismo e vivienda
 - d) Organización das súas institucións de autogoberno
5. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial:
 - a) A portuguesa
 - b) A castelá
 - c) A galega
 - d) A galega e a castelá

6. Segundo o art.9.1 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística nos rexistros públicos dependentes da Administración autonómica, os asentamentos faranse:
- En ambas linguas
 - En galego
 - Na lingua oficial na que o documento redactárase ou se faga manifestación
 - En castelá
7. Segundo os art.14.1 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística a lingua galega
- A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios, garantizándose o uso efectivo deste dereito só nos centros educativos sostidos con fondos públicos.
 - A lingua galega é materia de estudo obrigatorio nas etapas educativas obrigatorias, garantizándose o uso efectivo deste dereito nos centros educativos públicos e tamén privados.
 - A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios, garantizándose o uso efectivo deste dereito nos centros educativos públicos e privados.
 - A lingua galega é materia de estudo obrigatorio nas etapas educativas obrigatorias, garantizándose o uso efectivo deste dereito só nos centros educativos públicos.
8. Segundo o Código Civil, as normas xurídicas contidas nos tratados internacionais:
- De ningún xeito poden chegar a ter aplicación directa en España
 - Aínda que non poden chegar a ter aplicación directa en España, terán carácter informador do ordenamento xurídico interno.
 - Serán de aplicación directa en España a partir da firma do correspondente tratado internacional
 - Serán de aplicación directa en España cando pasen a formar parte do ordenamento interno.
9. Cál das seguintes non é una fonte de dereito administrativo:
- Os Convenios Colectivos
 - A Xurisprudenza
 - A Costume
 - A Constitución
10. Respecto o dereito das Comunidades Autónomas, o dereito estatal é:
- Supletorio
 - Principal
 - Exclusivo
 - Prevalente
11. Os reglamentos e disposicións administrativas, sen prexuízo da súa función de desenvolvemento ou colaboración con respecto á lei (sinala a incorrecta)
- Poderán tipificar infraccións administrativas
 - Non poderán tipificar delitos ou faltas
 - Non poderán establecer penas ou sancións
 - Non poderán establecer tributos, exaccións parafiscales ou outras cargas ou prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público

12. As leis orgánicas no Congreso apróbanse por maioría:
- Simple
 - Absoluta
 - De 2/3
 - De 1/3
13. As leis orgánicas apróbanse no Senado por maioría:
- Simple
 - Absoluta
 - De 2/3
 - De 1/3
14. Os actos legislativos da Unión Europea, poderán adoptarse unicamente a proposta de:
- A Comisión Europea
 - O Consello Europeo
 - O Consello de Europa
 - O Consello da Unión Europea
15. En relación a una Constitución Europea:
- Foi rexeitada ao non ser apoiada por unanimidade entre os Estados membros. Non tivo o apoio de España entre outros.
 - Foi rexeitada ao non ser apoiada por unanimidade entre os Estados membros. Sí tivo o apoio de España.
 - Nunca se elaborou una Constitución a nivel europeo.
 - Os propios Tratados constitúen a denominada Constitución Europea.
16. Os Xuíces e Avogados Xerais do Tribunal e Xustiza da Unión Europea son nomeados por un período de:
- Tres anos
 - Catro anos
 - Cinco anos
 - Seis anos
17. Indique qué é o Semestre Europeo:
- Consiste no proceso por parte da Unión Europea para a xestión de políticas ambientais comunitarias, entre outras funcións.
 - Consiste no proceso por parte da Unión Europea para a supervisión e aliñación de obxectivos orzamentarios dos Estados membros, entre outras funcións.
 - É o período temporal onde se consolidan os grupos parlamentarios no Parlamento Europeo segundo os grupos políticos.
 - Denomínase así a cada período de presidencia, de seis meses de duración, do Consello.

18. Segundo o artigo 13 da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público de Galicia, no caso de conflitos de atribución de competencias positivos:
- O órgano que se considere incompetente remitirá as actuacións ao órgano que considere competente, que decidirá no prazo de dez días hábiles.
 - O órgano que se considere incompetente remitirá as actuacións ao órgano que considere competente, que decidirá no prazo de dez días naturais.
 - O órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, o cal suspenderá o procedemento por un prazo de dez días naturais.
 - O órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, o cal suspenderá o procedemento por un prazo de dez días hábiles.
19. Segundo o artigo 6 da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público de Galicia poderase delegar a competencia cuxa titularidade corresponda a órganos da administración autonómica cando entre os órganos delegante e delegado non exista relación xerárquica e non pertenzan á mesma consellería:
- Coa autorización da persoa titular da consellería á que pertenza o órgano delegante.
 - Coa autorización da persoa titular da consellería á que pertenza o órgano delegado.
 - Coa aprobación previa do órgano superior común.
 - Só se poderán delegar as materias que así se determine por unha norma con rango de lei
20. Os documentos presentados de maneira presencial #ante as Administracións Públicas, deberán ser dixitalizados, de acordo co artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polas oficinas 21/46 de asistencia en materia de rexistros e devoltos os orixinais ao interesado:
- Sempre, sen excepcións.
 - A única excepción é que se presente nun soporte non susceptible de dixitalización.
 - Excepto cando unha norma determine custodiar os documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.
 - A administración non ten excepcións, ten que quedar coa documentación, independentemente que lle entregue copias rexistradas aos que presenten a documentación.
21. Segundo o disposto no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os acordos, pactos, convenios ou contratos que as Administracións Públicas celebren con persoas tanto de dereito público como privado, que teñan a consideración de finalizadores do procedemento:
- Deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervinientes e, no seu caso, a alteración de competencias que supoña a celebración do acordo.
 - Deberán publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estivesen destinados.
 - Requirirán en todo caso aprobación expresa do Consello de Ministros ou órgano equivalente das Comunidades Autónomas, cando versen sobre materias non susceptibles de transacción.
 - Deberán establecer como contido mínimo necesario as actuacións complementarias indispensables para o funcionamento dos servizos.

22. Como consecuencia da creación dunha comarca, os servizos mínimos que deberán prestar os municipios integrados nela:
- Atribúense á propia comarca, para facilitar a súa xestión
 - Deben manterse como competencia dos devanditos municipios
 - Deixan de selo, para converterse en servizos de prestación voluntaria
 - Xestiónanse por un órgano especial creado para o efecto
23. Segundo o art.3 da LRBRL, son entidades locais territoriais:
- O municipio, a provincia e as comunidades autónomas.
 - O municipio, a provincia e a comarca.
 - O municipio, a provincia e a illa.
 - O municipio, a provincia e o Estado.
24. A alteración dos termos municipais poderase efectuar das seguintes formas:
- Fusión, segregación e extinción.
 - Incorporación, fusión e segregación.
 - Incorporación, fusión e extinción.
 - Segregación, extinción e fusión.
25. Se trátase de municipios que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais, aplicaráselles o réxime de grandes poboacións:
- Se o solicitan.
 - Se o decide a Asamblea Lexislativa da comunidade autónoma.
 - Se a súa poboación supera os 75.000 habitantes.
 - Todas son correctas.
26. O padrón municipal é un rexistro:
- Civil.
 - Administrativo.
 - Mercantil
 - Non é un rexistro
27. De acordo coa LRBRL, a lexislación do Estado e das comunidades autónomas deberá atribuir as competencias aos municipios e as provincias, de conformidade cos principios de:
- Descentralización e máxima proximidade da xestión administrativa aos cidadáns.
 - Efectividade e competencia.
 - Tutela e descentralización.
 - Todas son incorrectas.
28. Segundo o art.2.3 da Lei 40/2015, teñen consideración de Administracións Públicas:
- A Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas.
 - As entidades que integran a Administración local.
 - Os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas.
 - Tódalas respostas son correctas.

29. ¿Cál dos seguintes non é un principio que deberán respetar na súa actuación e relacións as Administracións Públicas?
- Planificación e dirección por obxetivos.
 - Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
 - Cooperación, colaboración e coordinación cos cidadáns.
 - Control na xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.
30. ¿Con qué personalidade actuarán as Administracións Públicas para o cumprimento dos seus fins, segundo o art.3.4 da Ley 40/2015?
- Con personalidade xurídica única.
 - Con personalidade xurídica propia.
 - Con personalidade xurídica común.
 - Con personalidade xurídica independente.
31. Segundo o art.38.4 da Ley 40/2015, as sedes electrónicas das Administracións Públicas dispoñerán de sistemas que permitas o establecemento de:
- Comunicacións seguras cando así o establezca a lei.
 - Comunicacións seguras en todo caso.
 - Comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.
 - Comunicacións seguras cando así o establezca un reglamento.
32. Segundo o art.43.2 da ley 40/2015, os sistemas de firma electrónica poderán referirse:
- A tódolos datos profesionais do empregado público, por razóns de transparencia.
 - Só o número de identificación profesional do empregado público, por razóns de seguridade pública.
 - A tódolos datos profesionais do empregado público, por razóns de responsabilidades.
 - Ningun das respostas é correcta.
33. Segundo o art.46.3 da Ley 40/2015, os medios ou soportes nos que almacénanse documentos, deberán contar con medidas de seguridade, de acordo co previsto:
- No Esquema Nacional de Seguridade
 - Na Lei de Protección de Datos Persoais.
 - Nos Reglamentos que os crearon.
 - Na Lei de Arquivo Electrónico das Administracións Públicas
34. ¿Qué significa divulgar información na que dissociáronse os datos de carácter persoal?
- Que divulgouse información incumprindo a lei.
 - Que divulgouse información impedindo a identificación das persoas afectadas.
 - Que divulgouse información mediante formatos e soportes non asociados.
 - Tódalas respostas son correctas.
35. O Capítulo III “Dereito de acceso a información pública”, da Lei 19/2013 está composta polas seguintes seccións:
- Sección 1ª: Exercicio do dereito de acceso a información pública; Sección 2ª: Exercicio do dereito de participación.
 - Sección 1ª: Réxime de impugnacións.
 - Sección 1ª: Réxime Xeral; Sección 2ª: Exercicio do dereito de acceso a información pública; Sección 3ª: Réxime de dereito de participación.
 - Sección 1ª: Réxime Xeral; Sección 2ª: Exercicio do dereito de acceso a información pública; Sección 3ª: Réxime de impugnacións.

36. ¿O dereito de acceso á información pública é un dereito fundamental?
- a) Sí, contéplase na Sección Primeira do Capítulo II da Constitución e na propia Lei de Transparencia.
 - b) No, é un dereito constitucional previsto no artigo 105 b) da Constitución e na propia lei de transparencia.
 - c) No
 - d) Sí
37. As sancións administrativas:
- a) Impóñense en todo caso polas Administracións Públicas.
 - b) Impóñense tanto polos xuíces e tribunais como polas Administracións Públicas, en función da gravidade das infraccións.
 - c) Seguen o mesmo réxime previsto para os delitos e faltas previsto no Código Penal.
 - d) Ninguna resposta é correcta
38. Os procedementos sancionadores iníciense formalmente:
- a) Mediante resolución do órgano instructor.
 - b) Mediante resolución do órgano competente, xeralmente, para imponer sanción.
 - c) Por calquera que teña coñecemento de conductas infractoras.
 - d) Ninguna resposta é correcta.
39. Sinale cal dos seguintes supostos non podería constituir un suposto de responsabilidade patrimonial administrativa:
- a) As lesións producidas a un viandante ao que golpea un cascote procedente das obras realizadas pola empresa FCC baixo a súa propia dirección na sede dun Concello.
 - b) As desfeitas xeradas pola inundación derivada da acumulación de troncos por falta de retirada no río Manzanares tras unhas choivas outonais.
 - c) Os danos derivados a unha editorial pola aplicación dunha ordenanza que prohíbe a repartición de prensa gratuíta que finalmente é anulada por ser contraria a Dereito.
 - d) Todas constitúen un suposto de responsabilidade patrimonial.
40. A Acción de responsabilidade patrimonial:
- a) Pode exercerse en vía administrativa ou xurisdiccional a elección do interesado.
 - b) Ha de exporse sempre en vía administrativa, mediante unha reclamación de responsabilidade.
 - c) Ha de exercerse ante os Tribunais que correspondan.
 - d) Debe materializarse sempre de oficio por parte da Administración Pública.

41. En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, considéranse contratos menores:

- a) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- b) Os contratos de valor estimado inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- c) Os contratos administrativos de calquera clase de valor estimado inferior a 60.000 euros.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

42. En aplicación do artigo 212 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de:

- a) Tres meses.
- b) Seis meses.
- c) Oito meses.
- d) Un ano.

43. Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente:

- a) En todos os casos.
- b) Salvo en caso de contratos menores.
- c) Salvo que o contrato teña o carácter de emerxencia.
- d) Salvo que o contrato teña un importe inferior a 15.000 €.

44. Segundo o artigo 66 da Lei 9/2017. de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas:

- a) No seu epígrafe do IAE.
- b) No seu ámbito orgnizativo..
- c) Dentro das funcións declaradas responsablemente.
- d) Dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, sexanlles propios.

45. A tramitación urxente dos expedientes de contratación poderá facerse:

- a) Nos contratos que así o solicite o Alcalde.
- b) Nos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.
- c) Nos contratos que obedezan a unha situación de peligro.
- d) Nos supostos que teña que actuar de inmediato por unha situación catastrófica.

46. Os pregos de cláusulas administrativas particulares so poderán ser modificados con posterioridade a súa aprobación:

- a) Por erro material, de feito ou aritmético.
- b) Por falta de crédito.
- c) Cando as circunstancias o aconsellen.
- d) Por erro material, de feito, aritmético ou xurídico, sempre que e proceda á publicación das correccións.

47. Os contratos menores poderán adxudicarse directamente:

- a) A calquera empresario con capacidade de obrar.
- b) A calquera empresario que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- c) Cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 da Lei 9/2017.
- d) As tres respostas anteriores son válidas e deben darse conxuntamente.

48. O artigo 151.1 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público dispón que a resolución de adxudicación deberá ser:

- a) Motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.
- b) Motivada e notifícase ao candidato adxudicatario, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.
- c) Motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 30 días.
- d) Motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 10 días.

49. Queda excluído do ámbito de aplicación da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia o seguinte suposto:

- a) Os premios outorgados a solicitude dos beneficiarios.
- b) Os premios e regalos sen e con previa solicitude dos beneficiarios.
- c) Os premios que se outorguen sen previa solicitude do beneficiario.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

50. Segundo o artigo 19.1 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en:

- a) Réxime de concorrencia competitiva.
- b) Réxime de concesión directa.
- c) Réxime de concesión mediante convenio.
- d) Todos os casos anteriores.

51. As sancións non pecuniarias, que se poderán impoñer en caso de infraccións graves ou moi graves segundo a Lei 9/2007, poderán consistir en:

- a) A perda durante un prazo de ata vinte anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais das administracións públicas ou outros entes públicos.
- b) A perda durante un prazo de ata oitenta anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas na presente lei.
- c) A prohibición durante un prazo de ata tres anos para contratar coas administracións públicas.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

52. Operará como sistema nacional de publicidade de subvencións:

- a) A Base de Datos Provincial de Subvencións.
- b) A Base de Datos Nacional de Subvencións.
- c) O Boletín Oficial do Estado.
- d) A Base Nacional de Subvencións.

53. Segundo a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións son causas de reintegro:

- a) Todas as que se expoñen nos tres apartados seguintes.
- b) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

54. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención poderá documentarase en forma de conta xustificativa do gasto realizado:

- a) Sempre.
- a) Cando o especifique unha norma con rango de Lei.
- c) E unha das formas de xustificación previstas no artigo 30.1 da Lei de Subvencións e sempre que o dispoña a normativa reguladora da subvención.
- d) Porque é a única forma prevista na lexislación estatal.

55. Segundo o artigo 72.2 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, serán requisitos inescusables para a concesión da autorización de venda ambulante os seguintes:

- a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, no imposto de actividades económicas.
- b) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- c) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

56. Segundo o artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en atención á concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, será precisa a obtención de licenza municipal ou autorización autonómica para:

- a) A apertura de establecementos abertos ao público cun aforamento superior a 50 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público.
- c) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter ordinario, sempre que non requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.
- d) A desmontaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que non haxan de dispoñer de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

57. As licenzas de taxi extínguense por unha das seguintes causas:
- Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen herdeiros.
 - Por robo o desaparición del vehículo.
 - Falta de diligencia en la conducción.
 - Por defraudar á Axencia Tributaria.
58. A vinculación entre licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi supón que:
- Que sus titulares teñen que dispoñer de dous vehículos por cada unha.
 - Que o mesmo taxi ten que ter asigando dous conductores, un que posúa a licenza e outro a aoutrización interurbana.
 - é preciso dispoñer de ambos os títulos para a realización da actividade.
 - Ninunha das anteriores respostas é correcta.
59. A suspensión firme por sanción disciplinaria dos funcionarios de carreira (artigo 90.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) non poderá exceder de:
- Un ano
 - Seis mes
 - Dez anos
 - Seis anos
60. Segundo o disposto no artigo 15 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público é un dereito individual dos empregados públicos exercido colectivamente:
- A progresión na carreira profesional.
 - A libre asociación profesional.
 - O exercicio de folga.
 - A xubilación.
61. De acordo co artigo 92 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local serán desempeñados por:
- Persoal laboral.
 - Persoal directivo.
 - Persoal funcionario.
 - Persoal eventual.
62. De acordo co disposto no artigo 63 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público non é unha causa da perda da condición de funcionario:
- A perda da nacionalidade.
 - A sanción disciplinaria de separación do servizo que tivera carácter provisional.
 - A xubilación total do funcionario.
 - A renuncia á condición de funcionario.

63. Segundo o disposto no artigo 8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os empregados públicos clasifícanse en:

- a) Funcionarios de carreira, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.
- b) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal directivo, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.
- c) Funcionarios de carreira, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.
- d) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.

64. Os funcionarios de carreira que desempeñen cargos electivos e de dedicación exclusiva nas entidades locais, pasan á seguinte situación administrativa:

- a) Excedencia.
- b) Servizo activo.
- c) Servizos Especiais.
- d) Servizo noutras administracións públicas.

65. A competencia para aprobar definitivamente a relación de postos de traballo nun Concello corresponde a:

- a) A comisión informativa de persoal.
- b) A Xunta de Goberno Local.
- c) Ó Pleno da Corporación.
- d) Á Alcaldesa.

66. Segundo o artigo 7 da Lei 3/2018, do 05 de decembro, de Protección de Datos Persoais o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de:

- a) Catorce anos
- b) Doce anos
- c) Trece anos
- d) Dezaséis anos

67. Segundo o artigo 16 da Lei 3/2018, de 5 de decembro, o dereito á limitación do tratamento exercerase consonte o establecido:

- a) No artigo 17 do Regulamento (UE) 2016/679.
- b) No artigo 18 do Regulamento (UE) 2016/679.
- c) No artigo 21 do Regulamento (UE) 2016/679.
- d) No artigo 18 do Regulamento (UE) 2016/679.

68. Segundo o disposto na Lei 3/2018 de 5 de decembro a Axencia Española de Protección de Datos se denomina oficialmente:

- a) Axencia de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- b) Axencia Española de Protección de Datos.
- c) Axencia Nacional de Protección de Datos, Autoridade Administrativa Independente.
- d) Axencia Española de Protección de Datos, Autoridade Administrativa Independente.

69. De conformidade co establecido no artigo 22 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, únicamente poderán entablarse reclamacións contra o Orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites legais.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto as necesidades para as que estean previstos.
- d) Todas as respostas anteriores son válidas.

70. De conformidade co establecido no artigo 18 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o orzamento será formado:

- a) Polo Interventor.
- b) Polo Secretario-Interventor.
- c) Polo Alcalde.
- d) Pola Comisión de Facenda.

71. De conformidade co establecido no artigo 184 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais as fases do procedemento de xestión de gastos son:

- a) Dúas.
- b) Tres.
- c) Cinco.
- d) Catro.

72. O recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos, corresponde a:

- a) O Presidente/a da Corporación Local
- b) O Interventor en funcións
- c) O Secretario Xeral
- d) O Pleno da Corporación

73. De conformidade co establecido no artigo 59 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as entidades locais existirán os seguintes impostos:

- a) O Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.
- b) O Imposto sobre Bens Inmóveis, Imposto sobre Actividades Económicas e Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- c) O Imposto sobre O Incremento dos Terreos de Natureza Urbana.
- d) Os Impostos revolucionarios.

74. Poden os Concellos establecer unha taxa para a celebración dos matrimonios en forma civil?:

- a) Só cando no hai xulgado no municipio.
- b) Si.
- c) No.
- d) Solo para matrimonios que celebrense fora do Concello.

75. De conformidade co establecido no artigo 141.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, procederá a declaración de situación legal de ruína nos seguintes supostos:

- a) Cando o custo das obras necesarias exceda un tercio do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.
- b) Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado da súa cuberta.
- c) Cando teña gretas ou fisuras nas paredes.
- d) Todas as respostas son falsas.

76. As licenzas de obras outorgaranse segundo o artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia:

- a) De acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos.
- b) De acordo co que dispoña o Secretario Xeral.
- c) Polo Pleno do Concello.
- d) Cando transcurra un tempo prudencial.

77. De conformidade co establecido no artigo 142 da Lei do Solo de Galicia os grandes movementos de terra están suxeitos:

- a) A comunicación previa.
- b) A orde de execución.
- c) Licenza urbanística.
- d) A autorización autonómica.

78. Cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exigible en cada caso ou sen se axustar ás condicións sinaladas nel, quen dispoñerá a suspensión inmediata de ditos actos:

- a) A policía Local.
- b) A Alcaldesa.
- c) A Administración Autonómica, por orde do seu Presidente.
- d) O Secretario do Pleno.

79. A competencia para a protección da legalidade urbanística en zonas verdes, espazos libres públicos, viarios ou na zona de protección establecida no artigo 92.1, dotacións ou equipamentos públicos correspóndelle:

- a) Ao Alcalde do Concello.
- b) Ao Pleno do Concello.
- c) Á Xunta de Goberno Local
- d) á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

80. Son infraccións urbanísticas graves:

- a) As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas a parcelacións, aproveitamento urbanístico, uso do solo, altura e número de plantas, superficie e volume máximo edificables, distancias mínimas de separación a lindes e outros elementos e ocupación permitida da superficie das parcelas ou de habitabilidade das vivendas, cando non teñan o carácter de moi graves.
- b) O incumprimento das condicións de edificación establecidas nesta lei para o solo rústico e a realización de actividades sen o preceptivo título habilitante municipal ou sen autorización autonómica, cando esta sexa exixible de acordo con esta lei, ou incumprindo as súas condicións.
- c) O incumprimento da orde de corte de subministración dos servizos de auga, electricidade e outros.
- d) Tódalas respostas anteriores son correctas.

| |
|----------------------|
| PREGUNTAS DE RESERVA |
|----------------------|

R1 De conformidade co establecido no artigo 24 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con carácter xeral, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade:

- a) Non pode exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.
- b) Pode ser superior, no seu conxunto, ao custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.
- c) O importe das taxas non ten vinculación co custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate nin co valor da prestación recibida.
- d) Os custos directos e indirectos do servizo non se teñen en consideración para a determinación do importe das taxas.

R2. De conformidade co establecido no artigo 31 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais a base impoñible das contribucións especiais está constituída:

- a) Como mínimo, polo 90% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.
- b) Polo 90% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.
- c) Como máximo, polo 90% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.
- d) Como máximo, polo 80% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.

R3. De conformidade co establecido no artigo 26 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se preste un servizo polo que previamente fora esixido o abono de taxa:

- a) Non procede a devolución da taxa abonada.
- b) Procede a devolución de, como máximo, o 95% da taxa abonada cando o interesado o solicite expresamente.
- c) Procede a devolución de, como máximo, o 90% da taxa abonada, ben sexa de oficio ou a instancias do suxeito pasivo.
- d) Procede a devolución da taxa abonada.

R4. De conformidade co establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o importe dos prezos públicos:

- a) Debe ser igual ao coste do servizo ou actividade realizada.
- b) Sempre debe ser superior ao coste do servizo ou actividade realizada.
- c) Pode ser inferior ao coste do servizo ou actividade realizada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen.
- d) Non ten vinculación co coste do servizo ou actividade realizada.

R5. Respecto dos límites do dereito ao acceso á información pública ¿Cál das opción paréceche a máis acertada?

- a) Son unha posibilidade e a súa aplicación dependerá do caso concreto.
- b) Son absolutos e aplícanse en calquer caso.
- c) Son unha posibilidade e a súa aplicación dependerá do criterio do titular do órgano ao que se solicita a información.
- d) No existen.

R6. O efecto de silencio administrativo nos procedementos relativos o exercicio do dereito de petición ao que refírese o artigo 29 da Constitución, tiene carácter:

- a) Estimatorio
- b) Desestimatorio
- c) De caducidade
- d) De Anulabilidade